

# CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

## ACTA DA SESIÓN CONSITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DIA ONCE DE XUÑO DE DOUS MIL ONCE


No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas da mañá do día once de xuño dous mil once, réunese en primeira convocatoria os membros elixidos nas eleccións locais celebradas o día vinte e dous de maio do ano dousmil once que se citan a continuación:; Dona Ana Rodríguez Montero, Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, D Faustino Cebreiro Paz, D. José Esmoris Aldao Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e D. Roberto Oscar López López

**1.- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE** . En cumprimento do disposto no artigo 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral, procedese á formación da mesa de idade integrada polos elixidos de maior e menor idade presentes no acto, quedando constituída por Don Álvaro Rodríguez Graña, concelleiro asistente de menor idade, Dona Ana Rodríguez Montero, concelleira de maior idade, que preside a mesa e como secretaria Dona Paula Díaz Tie, secretaria do concello. Deseguido, procedese a revisión das credenciais presentadas, comprobándose que se presentaron nove credencias dos concelleiros presentes neste acto, polo que a mesa de idade declara constituída a corporación

**2.- PROMESA OU XURAMENTO DOS CONCELLEIROS . TOMA DE POSESIÓN.** En cumprimento do disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica de Réxime Electoral, os concelleiros electos proceden a a prestar xuramento ou promesa dos seus cargos, na orde establecida na acta remita pola Xunta Electoral de Zona e, na forma establecida no Real Decreto 707/1979 do 5 de abril, salvo o Don Roberto-Oscar López López que antecede a formula establecida a declaración de que é por imperativo legal. Declarando a Presidente da mesa de idade constituída a Corporación.

**3.- ELECCIÓN DE ALCALDE .OU ALCALDESA** En cumprimento do disposto no artigo 196 da Lei Orgánica de Réxime electoral e previo acordo por unanimidade dos membros da corporación, procedese a inicia-la votación secreta para a elección de alcalde, introducindo os concelleiros, as papeletas na urna colocada ó efecto, unha vez rematada a votación o escrutinio dos votos arroxou o seguinte resultado:5 votos a favor de D<sup>a</sup> Ana Rodríguez Montero, 3 votos a favor de Don Benigno Galego Castro, e unha Abstención, polo que resulta electa alcaldesa de Cerdido Dona Ana Rodríguez Montero ó acadar a maioría absoluta dos votos.

**4.- PROMESA OU XURAMENTO DA ALCALDESA** . En cumprimento do disposto no artigo 108 da Lei Orgánica do Réxime electoral, D<sup>a</sup> Ana Rodríguez Montero, acepta o cargo e xura cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde do concello de Cerdido con lealdade a El Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado. Acto seguido a Alcaldesa toma a palabra para agradecer o traballo realizado polos Concelleiros da anterior Corporación e especialmente o a Don José Cuperio Fernández que traballou moitos anos como Concelleiro sen ningunha



## **CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)**

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

compensación económica , así mesmo darlle a benvida a todos os novos concelleiros e espera traballar procurando melloras para Cerdido ,durante esos próximos catro anos, aínda que algúns dixeran que renunciaría o cargo en dous meses , logo da confianza dada polos veciños , e que agradece moito .

E , non habendo mais asuntos na orde do día , a presidencia deu por rematada a sesión sendo as doce horas e doce minutos do día once de xuño de dous mil once .

**Do que eu como secretaria , dou fe:**

**A Alcaldesa**

**A Secretaria**

**Asdo. Ana Rodríguez Montero**

**Asdo. Paula Díaz Tie**